

Presentación en Couceiro do poemario *A caída*, de Luís Valle Regueiro (I)

Publicado o 29 Outubro, 2011 por crebas



(Xurado do VII Premio de Poesía Caixanova que decidiu outorgarlle o galardón a Luís Valle Regueiro (Lugo, 1977) pola obra *A caída*. De esquerda a dereita: Luís González Tosar, escritor e presidente do PEN de Galicia; Guillermo Brea, director da Obra Social da extinta Caixanova; eu propio; Anxo Angueira, poeta e profesor da Universidade de Vigo; Elvira Riveiro, poeta, e Ramón Nicolás, crítico literario. Foto [elcorreogallego](#))

Velaquí a primeira parte do texto que lin na presentación:

FEDOR, A MORTE COMO MATERIA POÉTICA

A finais do 2008 formei parte do xurado que lle outorgou o [VII Premio Caixanova](#) a un libro intitulado [A caída](#) ([Pen Clube de Galicia](#), col. Arte de Trobar, 2009). As deliberacións nunca se poden nin se deben revelar, por honestidade, mais non fago mal ningún se recordo que fun dos que máis teimou en que o galardón fose para o devandito libro e, por razóns obvias, asistín con moita expectación á apertura da plica que nos veu a descubrir o nome de [Luís Valle Regueiro](#) (Lugo, 1977). E foi unha descuberta tamén porque podo dicirlles que Luís Valle naceu para a literatura galega nesa xornada, xa que no seu currículo creativo (onde xa había tamén outros premios) o idioma da escrita literaria era o castelán.

E alégrome de que Luís Valle se sentise incorporado á nosa lingua e á nosa literatura, como se reafirmou ao gañar o [XXIII Premio Eusebio Lorenzo Baleirón](#) de poesía que concede o [Concello de Dodro](#), por este poemario *Fedor* que presentamos esta tarde na casa da palabra da [librería Couceiro](#).

Descoñezo que outros libros concorreron neste certame, mais un libro coma *Fedor* honra moito a memoria de [Eusebio Lorenzo Baleirón](#) por varias razóns, dunha banda polo alento e o pouso clásico que comparten o estro dos dous poetas, pola querencia por un certo hermetismo, polo culturalismo e o coidado formal que deitan os versos e, sobre todo, pola presenza da morte e do temor perante á desaparición que paira polas páxinas de *Fedor* coma antes o fixera nese magnífico libro de Eusebio que se titulou [A morte presentida](#) (1988, póstumo, pois o poeta morreu con 24 anos o 14 de decembro do 1986).

Que hai de alento e pouso clásico en *Fedor*? Pois sen dúbida o tratamento da morte como materia poética, que xa existe nos clásicos greco-latinos, e eu citaría por pracer estético a súa presenza nas [Tristia](#) de [Ovidio](#) e que chega até a contemporaneidade, abonda con lembrarmos ese inesquecible verso de [Cesare Pavese](#): “[Verrà la morte e avrà i tuoi occhi](#)” (Virá a morte e terá os teus ollos). O verso de Pavese sen estar tamén paira sobre o libro, pois apenas hai citas no libro de Luís Valle, tan só o poeta latino [Terencio](#) (Veritas odium parit, a verdade enxendra o odio) e outra do poeta alemán de orixe xudía [Paul Celan](#) (droben, im gedicht, aló enriba, no poema), alén dunha adicatoria a [Antonio Gamoneda](#).

Paul Celan non podemos esquecer que tamén é autor dun magnífico poema que na tradución española de [José Luís Reina Palazón](#) publicada en [Trotta](#) levaba o título de “Fuga de la muerte” (Todesfuge) e para Antonio Gamoneda tamén é algo recorrente, abonda con lembrar estes versos do seu [Libro del Frío](#) (1992): “pero tú pesas en mi corazón y, como una miel oscura, yo te siento en mis labios al ir hacia la muerte”.

“A tres nenas mortas nun tempo de espanto” é a dedicatoria que abre este *Fedor*, así que non podemos

sorprendernos de que a morte sexa a columna vertebral do libro e que esa palabra sexa un termo reiterado nas súas páxinas.

Esta entrada foi publicada en [Poesía](#), [Presentacións](#). Garda a [ligazón permanente](#).

crebas.gal

 funciona con WordPress.